



Código do documento	Código do expediente
USG18I02KP	USG/2024/74
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
5N27 5Y53 1V0Q 5N1T 11YA	

DQR

CONSULTA PREVIA A APROBACION DUNHA NOVA ORDENANZA REGULADORA DA ADMINISTRACION ELECTRONICA NO CONCELLO DE CULLEREDO. EXPTE: USG/2024/74.

Don José Ramón Rioboó Castro, Alcalde-presidente do Concello de Culleredo, en uso das súas atribucións legalmente conferidas.

Vista a Resolución de alcaldía núm. 134 de data 16.01.2024, de asignación á Secretaría xeral, de funcións de coordinación para a implementación plena da administración electrónica en todos os servizos e departamentos municipais.

Por acordo da Xunta de Goberno Local de data 4.03.2024 aprobouse o “Programa temporal de implementación da Administración Electrónica no Concello de Culleredo 2024-2027”.

Por Providencia de alcaldía de data 1.04.2024 xustifícase a necesidade de actualizar a ordenanza municipal reguladora da Administración Electrónica do Concello de Culleredo (BOP A Coruña núm. 56 de 23.03.2011), e incóase expediente para a aprobación dunha nova Ordenanza reguladora da Administración Electrónica do Concello de Culleredo, adaptada as leis 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas; e 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público; Real Decreto 203/2021, do 30 de marzo, polo que se aproba o Regulamento de actuación e funcionamento do sector público por medios electrónicos; RD 311/2022, do 3 de maio, que regula o Esquema Nacional de Seguridade, etc.

Visto o informe xurídico de secretaría xeral de data 3.04.2024 sobre a lexislación aplicable e o procedemento a seguir para aprobación da ordenanza.

Co obxectivo de garantir a participación dos cidadáns no procedemento de elaboración de normas con rango regulamentario, e en cumprimento do disposto no artigo 133 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas -LPACAP-, con carácter previo á elaboración do Regulamento, substánciase unha consulta pública previa para solicitar a opinión dos cidadáns e das organizacións máis representativas que potencialmente se poidan ver afectados pola mesma, sobre unha serie de aspectos como son os problemas que se pretenden solucionar coa iniciativa, a necesidade e oportunidade da súa aprobación, os obxectivos da norma e as posibles solucións alternativas regulatorias e non regulatorias.

Considerando o disposto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común; e no Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, que aproba o regulamento de organización e funcionamento das corporacións locais.

1 de 5



Código do documento	Código do expediente
USG18I02KP	USG/2024/74
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
5N27 5Y53 1V0Q 5N1T 11YA	

En consecuencia, DISPOÑO:

PRIMEIRO.- Realizar a consulta previa pública a través do portal web do Concello durante un prazo de 20 días hábiles, para os efectos de solicitar a opinión dos suxeitos e das organizacións máis representativas potencialmente afectados pola futura Ordenanza municipal reguladora da Administración Electrónica do Concello de Culleredo, conforme á seguinte MEMORIA:

a) Antecedentes:

A vixente ordenanza municipal reguladora da Administración Electrónica do Concello de Culleredo (BOP A Coruña núm. 56 de 23.03.2011) ten máis de 13 anos, polo que precisa adaptarse á lexislación aprobada con posterioridade: leis 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas; e 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público; Real Decreto 203/2021, do 30 de marzo, polo que se aproba o Regulamento de actuación e funcionamento do sector público por medios electrónicos; RD 311/2022, do 3 de maio, que regula o Esquema Nacional de Seguridade, etc.

O Concello de Culleredo, consciente dos profundos cambios que se están a producir a nivel tecnolóxico, que teñen un impacto directo sobre a vida cotiá das persoas, articula a referida ordenanza co fin, non só de regular e actualizar os seus contidos, senón tamén de mellorar os servizos ofrecidos á cidadanía, ás empresas e ás demais institucións públicas e privadas.

Este trámite de consulta preliminar atopa o seu fundamento legal no artigo 9.2 da Constitución Española, no que se recolle a obriga dos poderes públicos de facilitar a participación de todos os cidadáns na vida pública. Por outra banda, o artigo 129.5 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, establece a obriga de posibilitar a participación activa dos posibles destinatarios na elaboración das normas. Na mesma liña, o artigo 133 da Lei 39/2015 establece que, con carácter previo á elaboración dun proxecto normativo, se promoverá unha consulta pública para recadar a opinión da cidadanía.

b) Problemas que se pretenden solucionar coa iniciativa:

Nos últimos anos, esta ordenanza logrou despregar un conxunto de servizos á cidadanía canalizados a través de medios electrónicos, e permitiu ao Concello achegarse ás persoas a través desta modalidade. Sen embargo, os avances alcanzados a nivel tecnolóxico ofrecen novas posibilidades que permiten crear un



Código do documento	Código do expediente
USG18I02KP	USG/2024/74
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
5N27 5Y53 1V0Q 5N1T 11YA	

modelo máis áxil, sistemático e seguro, que supera as capacidades da ordenanza do ano 2011.

O novo marco normativo establecido na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas e a Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público, pretende consolidar un novo modelo de xestión pública, baseado na información á cidadanía, a redución e simplificación dos trámites administrativos, a mellora do funcionamento dos servizos e a continua incorporación de novas tecnoloxías da información e da comunicación, aplicadas á xestión administrativa, co obxectivo de reducir os custos en termos económicos e sociais que as administracións imponen aos cidadáns e empresas. É necesario que o Concello de Culleredo avance de forma decidida no establecemento dun novo modelo integrado de relacións coa cidadanía, empresas e outras administracións con base no desenvolvemento do funcionamento electrónico.

c) Necesidade e oportunidade da súa aprobación:

C.I.F. P-1503100-H

As leis 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas; e 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público, así como o Real Decreto 203/2021, do 30 de marzo, polo que se aproba o Regulamento de actuación e funcionamento do sector público por medios electrónicos, consolidan un novo modelo de xestión pública que se apoia fundamentalmente na simplificación administrativa e na xeneralización do soporte electrónico.

Estes cambios normativos constitúen unha oportunidade para o Concello de Culleredo, non só para conseguir que os medios electrónicos pasen a ser a canle habitual para relacionarse coa cidadanía, senón tamén para aproveitálos e lograr un modelo máis proactivo e eficiente, no que a Administración se adiante ás necesidades da cidadanía e das empresas.

Preténdese poñer fin á dispersión normativa e dotar ao concello dun marco xurídico básico, integrado por auténticas normas xurídicas, facendo uso da potestade regulamentaria municipal recoñecida polo artigo 4.1.a) LBRL.

En particular, axústase ao principio de necesidade e eficacia ao cumprir coa obriga de adaptar a normativa municipal aos requirimentos das novas leis 39/2015 e 40/2015 polo que actúa no marco definido concretando a súa aplicación cunha eficacia que non é meramente interna, senón que afectará de forma directa ás persoas, polo que a seguridade xurídica esixe que se aproben polo órgano que ten atribuída a potestade regulamentaria.



Código do documento	Código do expediente
USG18I02KP	USG/2024/74
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
5N27 5Y53 1V0Q 5N1T 11YA	

Ademais quérese dar satisfacción aos principios de proporcionalidade, ao conter a regulación imprescindible para o fin que se persegue, transparencia, na medida en que reforza as garantías que o rodean e favorece o seu cumprimento, así como de seguridade xurídica, posto que se realiza co fin de manter un marco normativo estable, predicible, integrado e claro.

d) Obxectivos da ordenanza:

O obxectivo desta iniciativa consiste en configurar unha contorna tecnolóxica municipal que ofrezca múltiples vantaxes: diminución dos tempos de resolución de trámites, simplificación e automatización de procedementos e procesos a través das tecnoloxías emerxentes, homoxeneización e normalización das actuacións administrativas e incremento da interoperabilidade da entidade local con outras administracións públicas, a nivel local, autonómico, estatal e europeo.

Entre as finalidades principais desta ordenanza figuran as de ampliar os principios xerais para o desenvolvemento da administración electrónica, así como a participación cidadá a través de medios electrónicos; incorporar aos procedementos administrativos as melloras que proporciona o uso dos medios electrónicos e das novas tecnoloxías; mellorar a eficacia e a eficiencia da actuación administrativa dos/as empregados/as públicos/as, así como da súa relación coa cidadanía; e establecer un modelo de xestión pública baseado no uso eficiente dos datos e dos medios tecnolóxicos do sector público municipal, coa vocación de reducir as cargas administrativas que pesan sobre as persoas e as empresas.

e) Posibles solucións alternativas regulatorias e non regulatorias:

O desenvolvemento da lexislación estatal e autonómica por parte das entidades locais levarase a cabo necesariamente a través da potestade regulamentaria municipal que leva consigo a elaboración de ordenanzas e regulamentos.

O Concello da Culleredo podería dar resposta ás necesidades descritas optando por algunha das seguintes alternativas:

1ª) Manter a vixencia da actual normativa municipal en materia de administración electrónica aprobada no ano 2011, someténdoa unicamente a unha modificación parcial. Esta alternativa non permitiría unha actualización integral conforme ao novo marco normativo derivado da entrada en vigor das Leis 39 e 40 de 2015, en materia de procedemento administrativo común e do réxime xurídico do sector público, un escenario que está a consolidar un modelo diferente de xestión



Código do documento	Código do expediente
USG18I02KP	USG/2024/74
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
5N27 5Y53 1V0Q 5N1T 11YA	

pública, que se apoia fundamentalmente na simplificación administrativa e na xeneralización do soporte electrónico. Por outra parte, a nova regulamentación municipal en materia de administración dixital debe incorporar os intensos avances tecnolóxicos, que ofrecen novas posibilidades para un modelo de xestión pública máis áxil, sistemático e seguro, avances que superan as capacidades da ordenanza do ano 2011.

2ª) Fronte a todo o exposto, considérase que a aprobación dunha nova ordenanza reguladora da administración electrónica no Concello de Culleredo dará unha resposta máis axeitada ao conxunto dos problemas descritos nos antecedentes deste texto.

SEGUNDO.- Publicar a presente consulta no taboleiro de anuncios deste Concello e na páxina web municipal para que os cidadáns, organizacións e asociacións que o consideren oportuno poidan facer chegar as súas opinións ou suxerencias a través da súa presentación en calquera dos lugares indicados no artigo 16 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

C.I.F. P-1503100-H

Asinado dixitalmente

O alcalde

José Ramón Rioboó Castro

RIOBOO CASTRO, JOSE
RAMON
Alcalde-Presidente
03/04/2024 09:58